



C-7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS LICENZAS DE OBRA.

DATOS DO/A SOLICITANTE	Nome e Apellidos		DNI/CIF		
	Nome e apelidos do representante		DNI/CIF		
	Enderezo:		Cód. Postal	Localidade	
	Teléfono:		Email:		
DATOS DA LICENZA DE ACTIVIDADE	Número de expediente	Localización da obra		Referencia catastral	
	Descripción das obras				

COMUNICO AO CONCELLO DE ARES O CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE OBRAS INDICADA, de conformidade có disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Coirporacións Locais.

A presente comunicación correctamente formalizada producirá os seus efectos dende a data da súa presentación no Rexistro do Concello de Ares ou por calquera medio válido segundo o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O/A NOVO/A TITULAR DA LICENZA DE OBRA, DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que se subroga en cantos dereitos e obrigas teña derivados da Licenza.
- **Que a Licenza Urbanística transmitida atópase en vigor.**

ADVIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ares. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA PRESENTE SOLICITUDE

Impreso C-7, comunicación previa de cambio de titularidade das licenzas de obras.

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Copia dun documento acreditativo de identidade do solicitante ou do representante legal (segundo acreditación que se achega consistente en autorización expresa do solicitante, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: D.N.I. do representante da entidade e da documentación acreditativa da representación e escritura ou documentos de constitución e/ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público que corresponda.

Liquidación das preceptivas taxas municipais. Carta de pagamento.

Escritura de compra-venta.

Fotocopia o título habilitante anterior ou documentación que o acredite.

En Ares, a de de .

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES